

## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

### INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Específico Parte teórica" entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "Específico Parte práctica" entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Cal das seguintes non é unha característica da esquizofrenia?**

- A) Apatoabulia.
- B) Hiperfemia.
- C) Alucinacións.
- D) Anhedonia.

**2. Nun domicilio ao que acudimos a realizar a cura dunha úlcera a un paciente de 84 anos en cama, totalmente dependente para as actividades da vida diaria, o coidador indícanos que está preocupado porque as tres últimas deposicións son de cor negra, brillante e pestilente. Que tipo de deposicións está tendo o paciente?**

- A) Hematoquecia.
- B) Melenas.
- C) Rectorraxia.
- D) Ningunha é correcta.

**3. Que tipo de incidente se notifica no SINASP?**

- A) Só se notifican os incidentes que chegaron ao paciente, tanto se lle causaron dano ou non.
- B) Notifícanse todos os incidentes relacionados coa seguridade do paciente.
- C) Só se notifican os incidentes que chegaron ao paciente e lle causaron dano.
- D) Só se notifican aqueles incidentes que achegan información relevante.

**4. Sinale a resposta correcta acerca do modelo de Atención Primaria orientada cara a Comunidade (APOC).**

- A) Os conceptos básicos e a metodoloxía se desenrolaron gracias á aplicación conxunta da epidemioloxía e das ciencias sociais e o comportamento.
- B) É un proceso continuo no cal se implementa a atención primaria nunha poboación determinada segundo as súas necesidades en saúde.
- C) Os servizos da APOC responsabilízanse de todos os seus membros, tanto dos que utilizan os seus servizos coma dos que non os utilizan.
- D) Todas as respostas son correctas.

**5. No contexto da Educación para a Saúde, a escoita proxectiva é:**

- A) Unha técnica didáctica individual.
- B) Unha dimensión da escoita activa.
- C) Unha habilidade necesaria para calquera intervención grupal.
- D) Unha técnica didáctica grupal bidireccional.

**6. Segundo as directrices de 2019 da "American Diabetes Association", sinale o enunciado falso.**

- A) Recomenda a vacinación contra a hepatite B en adultos diabéticos non vacinados.
- B) Establece que o deterioro cognitivo é un factor que aumenta o risco de hipoglucemia asociada ao tratamento.
- C) En diabéticos ben controlados con enfermidade cardiovascular establecida, recomenda realizar a proba de hemoglobina glicosilada cada tres meses.
- D) Recomenda calcular o "risco de enfermidade aterosclerótica a dez anos" na avaliación de risco xeral do paciente.

**7. Cando o persoal de enfermería terá xustificado a revelación do segredo profesional?**

- A) Cuando o autorice o paciente.
- B) Por imperativo legal, requirimento do defensor do pobo, fiscais, xuíces tribunais no exercicio das funcións que teñen atribuídas.
- C) Cando hai risco fundado de danos á saúde pública ou a terceiros.
- D) Todas son correctas.

**8. Cal das seguintes competencias no ámbito da enfermaría familiar e comunitaria non se considera prioritaria?**

- A) Identificar as necesidades de saúde da poboación e proporcionar a correcta resposta de coidados dos servizos de saúde aos cidadáns en calquera ámbito (centro de atención, domicilio, escola, lugar de traballo...).
- B) Desenvolver indicadores de actividade e criterios de calidade dos coidados no ámbito familiar e comunitario.
- C) Diseñar e desenvolver estratexias de intervención e participación comunitaria, centradas na promoción da saúde e a prevención da enfermidade.
- D) Realizar rotacións clínicas polo centro de saúde e outros dispositivos socio-sanitarios.

**9. Que coidados inclúe a visita domiciliaria a pacientes en situación terminal?**

- A) Coidados de confort.
- B) Coidados respiratorios.
- C) Coidados dixestivos.
- D) Todas son correctas.

**10. De todas estas recomendacións da Sociedade Española de Coidados Paliativos, cal de elas non está indicada na atención á agonía?**

- A) Administrar fármacos por vía oral usando a vía rectal e subcutánea como alternativa.
- B) Colocar, si é posible, aos pacientes en decúbito lateral e coas pernas flexionadas para diminuír a respiración estertorosa.
- C) En enfermos inconscientes colocarse unha sonda uretral.
- D) O uso de líquidos de maneira fraccionada e os coidados da boca de maneira frecuente, son eficaces para reducir a sensación de sede.

**11. Para o bo funcionamento da asistencia sanitaria, a coordinación entre todos os servizos dispoñibles debe realizarse a:**

- A) 2 niveis.
- B) 3 niveis.
- C) 4 niveis.
- D) Todas son incorrectas.

**12. Os coidados de enfermaría na insuficiencia renal crónica teñen entre os seus obxectivos manter un consumo nutricional adecuado. Cal das seguintes intervencións sería a correcta?**

- A) Valorar os patróns de alimentación do paciente.
- B) Valorar o estado nutricional.
- C) Recomendar dieta rica en fósforo, potasio e sodio.
- D) A e B son correctas.

13. Que actividades son as máis importantes a realizar na prevención primaria?

- A) Promoción da saúde.
- B) Prevención da enfermidade.
- C) Diagnóstico precoz.
- D) A e B son correctas.

14. En que mulleres asintomáticas non está recomendado o cribado do cancro de colo do útero?

- A) Mulleres en idade fértil, independentemente de que tiveran relacións sexuais ou non.
- B) Mulleres ás que se lles extirpou o colo do útero por procesos benignos.
- C) Mulleres maiores de 65 anos con cribado previo axeitado e negativo.
- D) Mulleres menores de 21 anos, independentemente do inicio da actividade sexual.

15. En relación coa Carteira de Servizos da Atención Primaria, sinala a resposta falsa.

- A) Depende de cada Comunidade Autónoma.
- B) Recolle actividades de promoción da saúde, información, vixianza, diagnóstico e tratamento.
- C) Non existe como tal no Sistema Nacional de Saúde, só para a Atención Especializada.
- D) É froito dunha selección priorizada en base a necesidades, demandas da poboación e prioridades de política sanitaria.

16. Cal sería a secuencia correcta nas etapas do PAE (Proceso de Atención de Enfermaría)?

- A) Valoración, priorización, planificación, diagnóstico e execución.
- B) Diagnóstico, valoración, planificación, execución e avaliación.
- C) Diagnóstico, planificación, execución e avaliación.
- D) Valoración, diagnóstico, planificación, execución e avaliación.

17. Que pacientes son obxecto de enfoque familiar?

- A) Os hiperfrecuentadores.
- B) Os que reiteradamente non cumpren a prescripción terapéutica.
- C) Sospeita de problemas de adición.
- D) Todas son correctas.

18. A obsesión por un defecto físico imaxinario que non é percibido polo resto das persoas, recibe o nome de:

- A) Trastorno dismórfico corporal.
- B) Tricotilomanía.
- C) Trastorno obsesivo compulsivo.
- D) Trastorno de ansiedade social.

19. Cal das seguintes non é unha escala para medir o risco de UPP?

- A) CUBBIN-JACKSON.
- B) EMINA.
- C) BRADEN Q.
- D) ESAS.

**20. Que índice de composición por idade non é correcto para coñecer se a poboación galega é nova, madura ou envellecida?**

- A) Índice de Sauvvy ou de vellez.
- B) Índice de natalidade.
- C) Índice de Burgdöfer.
- D) Índice de Friz.

**21. En relación ás escalas que se poden utilizar en Coidados Paliativos (CP), sinale o enunciado correcto.**

- A) Nun dos ítems da escala PPS (Palliative Performance Scala), valórase a dependencia para os autocoidados.
- B) Na escala de Karnofsky, un valor igual a 70 indica "alto risco de morte nos 6 meses seguintes".
- C) O IDC-Pal (Instrumento diagnóstico da complexidade en coidados paliativos) componse de 36 elementos agrupados só en 2 dimensións, segundo sexan dependentes da familia ou da organización sanitaria.
- D) A escala ESAS (Edmonton Symptom Assessment System) é útil para avaliar múltiples síntomas ao mesmo tempo nunha escala tipo Likert de 0 a 5 puntos.

**22. En relación á esterilización con óxido de etileno, sinale o enunciado incorrecto.**

- A) A esterilidade do material permanece durante cinco anos.
- B) Un dos seus inconvenientes é que deteriora certos materiais de fibras artificiais.
- C) É tóxico por vía cutánea e respiratoria.
- D) É necesario que o material que se vai a esterilizar estea totalmente seco.

**23. No marco da "lectura crítica" e os "niveis de calidade metodolóxica", sinale o enunciado incorrecto.**

- A) O sistema GRADE permite a separación entre calidade da evidencia e forza da recomendación.
- B) O sistema SIGN establece niveis de calidade ordenados de maior (1++) a menor (4).
- C) O sistema CONSORT é un instrumento para a valoración de estudos observacionais.
- D) O sistema AGREE II é un instrumento para a valoración da calidade dunha Guía de Práctica Clínica.

**24. En que casos non é obrigatorio facer a proba do VIH?**

- A) Doazón de sangue, plasma sanguíneo e produtos hemoderivados.
- B) Transplante, inxerto ou implantación de órganos.
- C) Técnicas de reprodución asistida.
- D) Si o paciente procede de algún país de alta prevalencia do VIH (maior do 1%).

**25. Sinale a resposta correcta con respecto á bronquiolite.**

- A) É unha enfermidade bacteriana.
- B) Está provocada polo Haemophilus Influenza.
- C) É a enfermidade infecciosa aguda das vías respiratorias inferiores máis frecuente nos lactantes.
- D) Afecta fundamentalmente a nenos maiores de dous anos.

**26. Segundo o Programa Galego de Vacinación, sinala o enunciado correcto.**

- A) En persoas inmunodeprimidas cunha ferida tetanóxica, administrárase sempre unha dose de inmunoglobulina antitetánica, independentemente do estado de vacinación.
- B) No persoal sanitario con vacinación incompleta de Hepatite B, completárase a vacinación, non estando indicado estudo serolóxico previo.
- C) A vacina tripla vírica (sarampelo, rubéola, parotidite), está contraindicada en caso de alerxia ao ovo.
- D) Tras un transplante de proxenitores hematopoéticos, non se recomenda a administración de vacinas vivas ata pasados, polo menos, 12 meses.

**27. Que diagnóstico da Taxonomía NANDA Internacional correspóndese coa seguinte definición?: "Patrón de apreciación non válida sobre os axentes estresantes, con esforzos cognitivos e/ou condutuais, que fracasan na xestión das demandas relacionadas co benestar".**

- A) Afrontamento defensivo.
- B) Afrontamento familiar comprometido.
- C) Afrontamento ineficaz.
- D) Aflición crónica.

**28. En relación á Saúde Comunitaria "baseada en activos", sinala a resposta incorrecta.**

- A) Céntrase nos factores que fomentan a "creación" de saúde.
- B) Aporta participación e equidade.
- C) Responde aos problemas das persoas e parte das necesidades e deficiencias da comunidade.
- D) Xera un proceso de "coprodución de saúde" entre persoas, comunidades e profesionais.

**29. En relación ao Plan de Coidados e a Taxonomía NANDA Internacional –NIC– NOC, sinala o enunciado correcto.**

- A) Segundo a Taxonomía NIC, unha intervención é calquera actividade que fai a enfermeira de maneira independente.
- B) Para os diagnósticos de risco non existen factores de relación.
- C) No Plan de Coidados os diagnósticos enfermeiros se estandarizan baseándose en diagnósticos médicos ou procedementos.
- D) Os resultados da Taxonomía NOC están desenvolvidos para que se poidan utilizar soamente na disciplina enfermeira.

**30. Como se denomina o dó que cursa con sentimento de culpabilidade, somatizacións e necesita apoio terapéutico?**

- A) Dó ambiguo.
- B) Dó anticipado.
- C) Dó desautorizado.
- D) Dó patolóxico.

**31. Segundo a OMS, para a diagnose da anorexia, hai unha serie de alteracións que deben de estar presentes. Sinala cal non é unha de elas.**

- A) Perda de peso orixinada polo propio enfermo.
- B) Trastorno endócrino xeneralizado.
- C) Se o seu inicio é anterior á puberdade, esta adiántase.
- D) Distorsión da imaxe corporal.

**32. Dos seguintes elementos conceptuais da Atención Primaria, sinala a resposta incorrecta:**

- A) Activa: os profesionais deberán promover a participación da poboación e traballar na promoción e prevención, poñendo especial énfase na educación para a saúde.
- B) Integral: inclúe actividades de prevención, promoción, tratamento e reinserción social.
- C) Programada e avaliábel: baseada nos programas de saúde, con obxectivos, actividades, recursos e mecanismos de control e avaliación.
- D) Multidisciplinar: baseada no traballo en equipo integrado por diferentes profesionais.

**33. Ao realizar a escala de Barthel a un paciente, obtemos unha puntuación de 41. Que grao de dependencia ten?**

- A) Dependencia total.
- B) Dependencia leve.
- C) Dependencia moderada.
- D) Dependencia grave.

**34. Nos pacientes broncópatas, unha das vías máis usadas para a administración de medicación é a vía inhalatoria, cal dos seguintes sistemas se poden utilizar en dita vía?**

- A) Dispositivos de po seco.
- B) Aerosol presurizado.
- C) Nebulizacións.
- D) Todas son correctas.

**35. En relación á entrevista motivacional, Miller e Rollnick (2015), establecen catro procesos que se solapan entre si e interveñen ao longo do camiño cara ao cambio. Cal non é un deles?**

- A) Reflectir.
- B) Vincular.
- C) Enfocar.
- D) Evocar.

**36. En relación á Farmacoloxía, sinala o enunciado incorrecto.**

- A) A amikacina é un antibiótico betalactámico.
- B) O edema é un efecto secundario moi frecuente do amlodipino.
- C) A idiosincrasia é unha reacción adversa a un fármaco, determinada de maneira xenética.
- D) O proceso de biotransformación dun fármaco estúdase en farmacocinética.

**37. Sinala a resposta falsa en relación co Programa de detección precoz do cancro de mama da Consellería de Sanidade:**

- A) Cada tres anos chegará ao domicilio unha cita con data, hora e lugar para realizar a mamografía.
- B) As mamografías serán valoradas sempre por radiólogos especializados.
- C) O programa enviará o resultado da mamografía por carta.
- D) Realizaranse dúas mamografías en cada mama por persoal técnico especializado.

**38. En relación coa enfermaría transcultural, sinala onde se atopa recollida a seguinte declaración:**  
"La Enfermera reconoce que la libertad y la igualdad en dignidad y derecho son valores compartidos por todos los seres humanos que se hallan garantizados por la Constitución Española y Declaración Universal de Derechos Humanos. Por ello, la enfermera/o está obligada/o a tratar con el mismo respeto a todos, sin distinción de raza, sexo, edad, religión, nacionalidad, opinión política, condición social o estado de salud"

- A) Na Constitución Española.
- B) No Código Deontolóxico da Enfermería Española.
- C) Na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- D) Na normas do Consello Xeral de Enfermería.

**39. Na validez externa dun estudo de investigación cuantitativa, non é unha posible ameaza:**

- A) Factores situacionais (Efecto Hawthorne).
- B) Regresión estatística.
- C) Efectos do tratamento múltiple ("carry-over").
- D) Efectos novedosos.

**40. En relación á Farmacovixilancia en España, sinala o enunciado correcto.**

- A) Está regulada pola Lei 29/2001 da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios.
- B) Un dos seus obxectivos é realizar estudos de eficacia trala comercialización dos fármacos.
- C) É pertinente notificar unha "reacción adversa a un medicamento" (RAM) soamente se temos a certeza de que ocorreu.
- D) As RAM pódense notificar os profesionais sanitarios e os cidadáns.

**41. Cal dos seguintes factores ten menor valor predictivo de presentar episodios de perda ou maior deterioro da funcionalidade no paciente ancián?**

- A) Sobrepeso.
- B) Polimedicación.
- C) Soidade subxectiva.
- D) Hospitalización recente.

**42. Segundo Jean Piaget, en que etapa do desenvolvemento cognitivo atópase un neno de 4 anos?**

- A) Etapa do razoamento abstracto.
- B) Etapa preoperacional.
- C) Etapa sensitivomotora.
- D) Etapa das operacións concretas.

**43. Cal das seguintes afirmacións non é certa en relación coas características dos indicadores na fase de deseño de mellora continua da calidade?**

- A) Unha das vantaxas de empregar indicadores é a obxectividade e a comparabilidade.
- B) Un indicador é unha comparación entre dous ou máis tipos de datos que serve para elaborar unha medida cuantitativa ou unha observación cualitativa.
- C) Facilitan unha medida estandarizada.
- D) Os indicadores ideais absolutos non permiten valores de 0 ou 1.

**44. Sinale a resposta incorrecta acerca do cuestionario APGAR FAMILIAR.**

- A) É un instrumento que serve para avaliar a función familiar.
- B) Un resultado por debaixo de trece puntos suxire unha disfunción moderada.
- C) Avalíase nunha escala de Likert de 0 a 6.
- D) Dános a información do grao de satisfacción dunha persoa acerca da súa familia.

**45. Cal é unha contraindicación absoluta para a aplicación de crioterapia?**

- A) Enfermidade de Raynaud.
- B) Criofibrogenemia.
- C) Urticaria a frígore.
- D) Insuficiencia vascular periférica.

**46. Sinala a resposta incorrecta en referencia ao aplicativo AVALIA-T.**

- A) É unha ferramenta que promove o desenvolvemento racional das tecnoloxías.
- B) O seu obxectivo é axudar na toma de decisións no ámbito sanitario, achegando información cun alto nivel de calidade científica.
- C) A Unidade de Asesoramento Científico-Técnica AVALIA-T é unha ferramenta de avaliación da formación dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde.
- D) Depende da Axencia do Coñecemento en Saúde.

**47. En relación ás escalas que se poden utilizar na valoración do ancián, sinale o enunciado correcto.**

- A) Na escala de YESAVAGE unha puntuación de 5 puntos suxire depresión.
- B) A escala da CRUZ VERMELLA puntúa de 0 a 6 puntos.
- C) A escala DUKE-UNC valora a situación familiar do ancián.
- D) A escala FILADELFIA valora o grado subxectivo de satisfacción do ancián.

**48. Con que escala valoraríamos a sobrecarga do coidador principal dunha persoa dependente?**

- A) Escala Tinetti.
- B) Escala de Zarit.
- C) Escala Blessed.
- D) Escala Barber.

**49. Como se denomina o cociente entre a diferenza absoluta de risco e o risco no grupo control?**

- A) Diferenza relativa de risco.
- B) Fracción non atribuíble.
- C) Incidencia acumulada.
- D) Diferenza de risco control.

**50. Cando falamos de promoción da saúde, a que nos estamos referindo?**

- A) Desenvolvemento de medidas técnicas que poidan evitar a aparición da enfermidade ou deter o seu avance e minorar as súas consecuencias.
- B) Céntrase nos individuos e circunscríbese ao ámbito sanitario, sendo competencia dos servizos de saúde.
- C) Proceso político e social global para que a poboación aumente o control sobre a súa saúde e a mellore.
- D) É unha estratexia que ten varios programas dirixidos á poboación para mellorar a saúde.

**51. Como se agrupan os alimentos desde o punto de vista funcional? Sinala a resposta incorrecta.**

- A) Alimentos enerxéticos.
- B) Alimentos naturais.
- C) Alimentos reguladores.
- D) Alimentos plásticos.

**52. En que estadio das úlceras neoplásicas aparecen as lesións exofíticas e cavitadas?**

- A) Estadio 1.
- B) Estadio 2.
- C) Estadio 3.
- D) Estadio 4.

**53. Cal dos seguintes síntomas non aparecen en mulleres que padecen gonorrea?**

- A) Dor abdominal.
- B) Exudado vaxinal amarelado.
- C) Amenorrea.
- D) Micción dolorosa.

**54. Que entendemos por evento adverso?**

- A) Incidente que produce dano ao paciente.
- B) Aplicar un plan incorrecto e non levar a cabo unha acción planeada.
- C) Calquera actuación na que se fixeron as cousas de forma correcta, pero os resultados foron desfavorables.
- D) Calquera actuación que foi detida, evitando a aparición de posibles consecuencias.

**55. Das seguintes recomendacións recolleitas no Programa do Neno San en Galicia, sinala a falsa.**

- A) Realizar cribado universal de displasia de cadeira aos neonatos mediante o Test de Adam.
- B) Realizar cribado universal de agudeza visual e ambliopía antes dos 4 anos.
- C) Realizar dous tomas de tensión arterial nos seguintes controis: 1º) entre 3 e 6 anos e 2º) entre 12 e 13 anos.
- D) No neno menor de 1 ano, evitar posición prono durante o sono e realizar consello antitabaco aos pais.

56. Xulio é un paciente con coidados paliativos que presenta unha coagulopatía severa pola súa patoloxía hepática. Ten pautada morfina e avisa de dor irruptiva espontánea. Acoden ao domicilio a enfermeira e o médico de Atención Primaria. Sinale o enunciado correcto.

- A) Administraremos a medicación prescrita preferentemente por vía subcutánea.
- B) Para a valoración da dor podemos utilizar a escala de Goldberg.
- C) Antes de tratar a dor irruptiva debemos comprobar a existencia de signos clínicos que suxiran a súa existencia.
- D) Un dos fármacos de elección sería o Fentanilo transmucosa.

57. María traballa como sanitario nun pobo de 10.000 habitantes e para enviar os datos epidemiolóxicos de enfermidades de declaración obrigatoria, ao ser un volume pequeno de casos, agrúpaos en períodos de catro semanas. O último listado enviado contén os seguintes datos: Salmonelose: 1 caso, Gripe: 3 casos, e Hepatite B: 1 caso. Está ben realizada esta notificación?

- A) Si, porque enumera as enfermidades e o número de casos.
- B) Non, porque algunha das enfermidades é de declaración urxente.
- C) Non, porque algunha das enfermidades é de declaración semanal.
- D) O importante é que se comunique, non importa o tempo.

58. Xoan, de 45 anos, acode á consulta de enfermaría para preguntar se debería vacinarse xa que vive co seu irmán, que foi sometido a un transplante de proxenitores hematopoéticos. Que recomenda o Programa Galego de Vacinación nestes casos?

- A) Que se o irmán está ben vacinadoado, non é necesario vacinarse.
- B) Que é recomendable vacinarse de: gripe, tripla vírica e varicela.
- C) Que é recomendable vacinarse de: gripe, tripla vírica, varicela e vacina neumocócica conxugada de 13 valencias (VNC13).
- D) Que é recomendable vacinarse de: gripe e tripla vírica.

59. Con carácter urxente acode ao noso centro un paciente ao que durante o seu traballo entroulle nun ollo unha substancia corrosiva coa que estaba a traballar, pero non sabe a súa composición. O tipo de substancia vai determinar as características da lesión. Cales son as substancias con máis poder de penetración?

- A) As substancias alcalinas, cun PH alto.
- B) As substancias acedas, cun PH baixo.
- C) As substancias neutras.
- D) O poder de penetración non ten relación coas respostas anteriores.

60. Acudimos ao domicilio dunha paciente para colocar unha sonda nasogástrica (SNG). Segundo o Procedemento de colocación e coidados da SNG, do portal FEMORA do Servizo Galego de Saúde, cal é a proba de primeira liña para comprobar a colocación?

- A) O control radiolóxico.
- B) A utilización do papel tornasol ou papel pH para medir a concentración de ións hidróxeno no contido gástrico.
- C) A medición do pH gástrico con tiras reactivas.
- D) A auscultación no epigastrio de aire insuflado pola SNG.

61. María de 50 anos de idade, vén á consulta para pedir información logo de recibir no seu domicilio unha carta para participar no programa galego de detección precoz do cancro de mama. Quere coñecer que posibles resultados pode ter se decide realizar as mamografías. De estes resultados, cal non sería correcto?

- A) Que non haxa ningún tipo de malignidade.
- B) Que sexa conveniente completar o estudo con outras probas para ter o resultado definitivo.
- C) Que sexa necesario repetir as mamografías no prazo dun ano para comprobar se hai ou non algún cambio.
- D) Que deberá repetir as mamografías cada dous anos ata os 69 e posteriormente cada cinco.

62. María, que está realizando prácticas na UTB, debe facer a unha paciente unha proba de Mantoux, que deberá ter en conta?

- A) A inxección de 2 U de PPD adminístrase por vía subcutánea.
- B) A lectura debe facerse aos catro días.
- C) Se deixa habón é que a técnica foi incorrecta.
- D) Pódese realizar a proba da tuberculina simultaneamente coa administración da vacina triple vírica (sarampelo, rubeola, parotidite).

63. Un home de 59 anos, portador dunha colostomía tras ser intervido dun cancro de colon, vén á consulta solicitando información sobre moitos aspectos relacionados cos seus hábitos de vida, a colostomía, a volta ao seu posto de traballo como bedel nun colexio de educación primaria e a práctica do seu deporte favorito (vai xogar ao pádel cos seus amigos tres días á semana). Indicará ao paciente que pode:

- A) Bañarse no mar ou piscina.
- B) Reincorporarse ao seu posto de traballo.
- C) Practicar o deporte que facía con anterioridade á intervención.
- D) Todas son correctas.

64. Na consulta debe administrar á mesma paciente, por vía intramuscular: 100mg. de Dexketoprofeno e 2.5 mg. de Diazepam. En relación á administración de fármacos por esta vía, sinale o enunciado incorrecto.

- A) A zona ventro-glútea é máis segura que a dorso-glútea.
- B) Non existen evidencias que apoiem a seguridade da técnica do "cambio de plano" ao inxectar dous fármacos.
- C) No caso dos antiinflamatorios non-esteroides, a vía intramuscular é tan gastrolesiva como a vía oral.
- D) A vía intramuscular garante un inicio de acción e unha biodisponibilidade do fármaco máis rápida que a vía oral.

65. María é unha paciente de 40 anos, fumadora duns 10 cigarros diarios, que acode a consulta por tose persistente, refire que xa tomou varios xaropes que comprou pola súa conta, pero que segue con tose, polo que decidiu consultar co médico. Unha das probas que se lle realizan é unha espirometría forzada que arroxa os seguintes resultados: FVC maior de 80% do valor teórico e VEMS menor de 70% do valor teórico. A que corresponden devanditos valores?

- A) Espirometría normal.
- B) Patrón restritivo.
- C) Patrón obstructivo.
- D) Patrón mixto.

66. Carmen, de 25 anos, acode para citoloxía vaginal. Ao ser preguntada polo método anticonceptivo, di que lle gustaría tomar anticonceptivos orais pero que lle ten medo aos efectos secundarios. Cal dos seguintes non é un deles?

- A) Hipertensión hormonal.
- B) Cancro de endometrio.
- C) Aumento de peso.
- D) Aumento do risco de trombose venosa profunda.

67. Cal sería o tratamento correcto que se indicará para un neno de 11 meses de idade, traído ao centro de saúde polos seus pais e diagnosticado dunha laringotraqueíte?

- A) Humidificar o ambiente.
- B) Broncodilatadores.
- C) Corticoides.
- D) Todas son correctas.

68. Acode á nosa consulta un paciente de 54 anos que nun control de saúde realizado na súa empresa detectáronlle unha cifra de glicemia de 115 mg/dl e sobrepeso. Recomendánlle acudir ao seu centro de saúde para realizar novos controis. Durante a entrevista dinos que non é fumador, só toma unha copa de viño ao mediodía e considérase unha persoa sa, polo que non adoita acudir ao médico; tampouco ten antecedentes familiares relevantes. Cre que o problema está en que leva un ano sen realizar nada de exercicio e, por este motivo, leva uns meses estrinxido, as súas hemorroides empeoraron e as veces ten pequenos sangrados. Que recomendación non teríamos que dar a este paciente?

- A) Realizar novos controis entre os que se inclúa a proba de sangue oculto en feces.
- B) Aumentar o consumo de froita e verdura. Facer exercicio físico regularmente.
- C) Limitar o consumo de hidratos de carbono e graxas de orixe animal.
- D) Explicar ao paciente que non debe preocuparse xa que o sangrado prodúcese porque a hemorroide ábrese co esforzo da defecación.

69. O persoal de enfermería do centro de saúde vai realizar durante os próximos 12 meses, un estudo sobre o tipo de feridas e os tratamentos realizados aos pacientes do centro durante ese período. Despois de asinar o consentimento, poderá un paciente renunciar en calquera momento a participar no devandito estudo?

- A) Non poderá retirar o seu consentimento en ningún momento.
- B) Poderá retirar o seu consentimento se o dea verbalmente.
- C) Poderá retirar o seu consentimento en calquera momento.
- D) Só poderá retirar o consentimento se este foi dado por escrito.

70. De camiño a un domicilio, atopámonos cunha persoa tirada á beira da estrada. Cal sería a actuación a realizar?

- A) Protexer, alertar, socorrer.
- B) Socorrer, alertar, protexer.
- C) Alertar, socorrer, protexer.
- D) É indiferente a orde de actuación.

**71. Acode a súa consulta un adulto con enfermidade celíaca para solicitar información sobre as recomendacións vacinais. Segundo o Programa Galego de Vacinación, sinala o enunciado correcto.**

- A) Estén recomendadas 2 doses de vacina fronte a hepatite A, independentemente do seu control dietético.
- B) En todos os casos está recomendada a vacina pneumocócica conxugada 13 valente (VNC13).
- C) Non está recomendada a vacina fronte á hepatite B se hai un bo control dietético e non hai asociada enfermidade autoinmune ou maligna.
- D) Está recomendada a vacina pneumocócica conxugada 13 valente (VNC13) seguida da vacina pneumocócica polisacárida 23 valente (VNP23) se hai asociada enfermidade autoinmune.

**72. Unha nai con alta temperá en obstetricia, refire que á súa bebé realizáronlle as probas das metabolopatías conxénitas antes das 48h de vida. Segundo o Programa do Neno San en Galicia, que debería recomendarlle?**

- A) Non é necesario repetir as probas. É unha marxe de tempo correcta.
- B) Esperar o resultado. Se é negativo, non é necesario repetir as probas.
- C) Repetir as probas aos 15 días.
- D) Repetir as probas aos 7 días.

**73. A enfermeira recibe na consulta a un paciente de 84 anos, que ven a control rutinario despois de estar ingresado por unha infección respiratoria. Observa que camiña mais lento e está un pouco desorientado, mesmo parece que escoita peor. Que aspectos se poden abordar para a prevención de riscos nun ancián fráxil?**

- A) Mantemento da actividade e do exercicio físico.
- B) Facer educación ao paciente para á adaptación á contorna.
- C) Evitar barreiras físicas que poñan en perigo a súa estabilidade na vivenda.
- D) Todas son correctas.

**74. Acode á nosa consulta un mozo, preocupado por unha posible adicción ao xogo da súa parella. De todos os comportamentos que nos indica que ten, cal deles non se corresponde cunha persoa con criterios de ludopatía?**

- A) Nerviosismo e irritabilidade cando ten que abandonar o xogo.
- B) A necesidade de apostar cada vez maior cantidade de diñeiro.
- C) Distanciamiento da realidade.
- D) Ocultar información relacionada co seu grao de implicación ao xogo.

**75. Marina é unha paciente que acode a unha consulta programada para control de HTA. Cando realizamos a medición da TA observamos que está máis alta que nos controis anteriores e a paciente coméntanos que está nerviosa e preocupada porque o seu marido, enfermo de Parkinson, necesita moitos coidados e ten medo de non poder ofrecerllos. Quere saber si existe algún recurso social para esta situación. En que fase do proceso de coidar se encontra Marina?**

- A) Negación do problema.
- B) Búsqueda de información e aparición de sentimentos negativos.
- C) Reorganización.
- D) Resolución.

76. Vai realizar un estudo para coñecer a porcentaxe de pacientes diabéticos asignados a súa cota, que teñen realizado un Índice nocello-brazo. Para a mostraxe elixe unha historia clínica ao azar da listaxe, e vai seleccionando ás que ocupan a posición quinta a partir da anterior. Que tipo de mostraxe utilizou?

- A) Probabilístico aleatorio simple.
- B) Non probabilístico por cotas.
- C) Probabilístico estratificado.
- D) Probabilístico aleatorio sistemático.

77. A enfermeira está atendendo a un matrimonio que acode á consulta, os dous obesos e hipertensos. A muller que habitualmente está ben controlada, hoxe non lle baixa a TA de 170/90 mmHg. O marido dille a enfermeira que agora que os fillos non están na casa, veu a vivir con eles unha irmán que quedou viuva e que ten comenzo de Alzheimer, o cal a ten moi nervosa. Dende o punto de vista do enfoque familiar na Atención Primaria, a que tipo de familia pertencen tendo en conta a clasificación demográfica da familia baseada na familia nuclear?

- A) Familia binuclear ensamblada.
- B) Familia nuclear ampliada.
- C) Familia nuclear con parentes próximos.
- D) Ningunha é correcta.

78. Vai preparar unha charla informativa sobre alimentación para os usuarios do seu centro de saúde. Baseándose nos contidos da Guía de alimentación saudable para a atención primaria e colectivos cidadáns da Sociedade Española de Nutrición Comunitaria, sinala o enunciado correcto.

- A) A cor da carne provén dunha proteína que contén ferro (mioglobina) e afecta ao valor nutritivo e a dixestibilidade da mesma.
- B) É moi importante controlar a presenza de anisakis e outros parásitos no peixe, debendo consumirse ben cociñado (superar os 40°C en toda a peza, durante polo menos un minuto) ou conxelar previamente a -10°C durante 1 día.
- C) O consumo de 3 a 5 ovos á semana é unha boa alternativa nutricional á carne e ao peixe. É conveniente priorizar o consumo de ovos campeiros ou ecolóxicos.
- D) No caso de consumir bebidas fermentadas con contido alcólico, non debe excederse as 2 unidades ao día en homes e mulleres adultas (1 unidade=150 ml de viño ou cervexa).

79. O 061 traslada ao centro de saúde a un home de 43 anos, xardineiro de profesión, que refire comezar a atoparse mal logo da picadura dunha avés. O home atópase moi ansioso, cunha FC:130 lx', TA: 83/40 mmHg. Perante a sospeita dun shock anafiláctico, cal destes medicamentos debemos de administrar?

- A) Amiodarona.
- B) Atropina.
- C) Adrenalina.
- D) Teofilina.

80. Manuel, paciente de 30 anos, acode á consulta de enfermaría para que lle administren a 3ª dose de vacina da hepatite B. O profesional que lle atende, rexistra a vacina correctamente e adminístralla. Ao terminar, o paciente solicita unha copia da vacinas recibidas e nese momento o enfermeiro observa que esa terceira dose xa fora administrada dous meses antes. Decide realizar unha notificación no SINASP, cal das seguintes recomendacións sería a correcta?

- A) Non se recomenda comunicar o incidente porque o paciente non sufriu dano.
- B) Recoméndase comunicar o incidente aínda que o seu nivel de risco (SAC) sexa catro.
- C) Recoméndase comunicar o incidente aínda que o seu nivel de risco (SAC) sexa un.
- D) Recoméndase comunicar o incidente porque é un evento centinela.

81. Alerta o 061 ao centro de saúde de que unha persoa precipitouse desde un terceiro piso. Ante a sospeita dunha lesión cervical, que manobras evitaremos sempre?

- A) Manter rixidez, mover en bloque, evitar movementos bruscos.
- B) Hiperextensión, flexión, rotación da cabeza.
- C) Aliñación, lixeira tracción, extensión coidadosa.
- D) Ningún é correcto

82. A enfermeira vai tomar unha mostra por aspiración para estudo microbiolóxico, por sospeita de infección nunha úlcera. Cal dos seguintes pasos non é correcto neste procedemento?

- A) Realizar hixiene de máns e colocar luvas estériles.
- B) Facer punción e aspiración na parte da ferida con menor crecemento de tecido de granulación ou de máis esfacelos.
- C) En abscesos e outros procesos de feridas pechadas que cursen con colección de exudado, aspirar con xeringa directamente un volume de entre un e cinco ml.
- D) Co mesmo contido aspirado e sen retirar a agulla da xeringa, empapar a torunda dun hisopo con medio de transporte.

83. Para facilitar o proceso do dó, que accións non estarían recomendadas?

- A) Fomentar a expresión de sentimentos acerca da perda.
- B) Fomentar o retorno ás actividades cotiás no menor tempo posible
- C) Apoiar os progresos conseguidos no proceso do dó.
- D) Axudar a identificar estratexias persoais de resolución de problemas.

84. Acode a consulta unha paciente portadora de reservorio venoso subcutáneo para que lle realicemos unha extracción de sangue a través de este dispositivo. Cal das seguintes respostas non é correcta para realizar esta técnica?

- A) A agulla especial tipo gripper ou huber de calibre 22G é a máis axeitada para realizar esta técnica.
- B) Debemos purgar a agulla mediante presión positiva e clampar o sistema.
- C) Antes de extraer a mostra, desbotar uns 5ml e ao finalizar a extracción lavar e heparinizar o reservorio.
- D) As xeringas de menos de 10ml diminúen o risco de rotura e embolización do cateter.

85. Se un paciente hipertenso non se axusta á dieta recomendada e identificamos unha incompetencia (factor facilitador) para a cociña hiposódica sen graxas, de nada servirá insistirle sobre que non debe facer. Deberemos traballar, xunto cos servizos sociais, os seus dotes culinarias. No marco da educación para a saúde individual, a que modelo axustaríase este exemplo?

- A) Modelo PRECEDE.
- B) Modelo CONDUTISTA.
- C) Modelo da COMUNICACIÓN PERSUASIVA.
- D) Modelo de DESENVOLVEMENTO DE HABILIDADES.

86. O coidador principal dun familiar dependente diríxese á enfermeira dicindo: "é moi difícil...todo se complica...non sei se serei capaz de ocuparme de todo...". Das seguintes respostas da enfermeira, cal cre que constitúe o mellor exemplo de comunicación empática?

- A) "Ten razón. Coidar esixe moito tempo, pero pense que é o mellor para o seu familiar".
- B) "Non se preocupe, xa verá como todo mellora".
- C) "Enténdoo, quere que lle poña en contacto cos servizos sociais?".
- D) "Cónteme: que lle preocupa?, por que cre que non pode facerse cargo desta situación?".

87. Á garda do PAC, traen a un mozo que acaba de sufrir un traumatismo xogando ao fútbol. Á súa chegada presenta disnea intensa e dor en hemitorax. Á exploración obsérvase desviación da tráquea cara o lado dereito. Saturación de osíxeno: 86%, TA: 85/49mmHg, FC: 120 lx'. Todos estes datos correspóndense con:

- A) Taponamento cardíaco.
- B) Volet costal.
- C) Neumotórax a tensión.
- D) Fractura de esterno.

88. Muller de 70 anos, presenta úlceras de longa evolución en ambos laterais do MID. Ao longo do tempo, a ferida mellorou e empeorou, pero nunca chegou a curar de todo. Refire dor e prurito (hai lesións de rascado), presenta edema, pulso pedio presente, pel quente ao tacto e hiperpigmentación. Os bordes da ferida están ben definidos, o exudado é abondoso, o leito está cuberto en parte por tecido fibrinoso e tecido de granulación. Ten un cultivo feito hai dous meses, onde non se lle illou o patóxeno. Das seguintes actuacións, cal sería a máis axeitada?

- A) Aplicar crema hidratante en toda a pel perilesional, cubrir as úlceras con apósito de fibra hidrocoloide e aplicar vendaxe compresivo.
- B) Facer un novo cultivo por aspiración e aplicar nas úlceras un apósito de espuma hidrocoloide e vendaxe compresiva, xa que as características orientan a etiloxía venosa.
- C) Facer un ITB, tomar mostra para cultivo por aspiración, protexer a pel periulceral, aplicar corticoide en crema nas zonas eccematizadas e apósito de fibra con Ag no leito da ferida. Aplicar compresión dependendo do resultado do ITB.
- D) Protexer a pel periulceral con crema barreira, aplicar apósito de fibra con prata e vendaxe compresivo xa que todo fai pensar nunha úlcera venosa con contaminación crítica.

89. Matías de 86 anos, ten diabetes mellitus tipo 2 con máis de 15 anos de evolución e patoloxía vascular. Segundo a Asociación Americana de Diabetes (ADA 2019), cal sería para Matías o obxectivo razoable de hemoglobina glicosilada?

- A) Menor de 7%.
- B) Menor de 6.5%.
- C) Menor 9%.
- D) Menor de 8%.

90. Acudimos a realizar un aviso urxente nun domicilio e atopámonos un home de 70 anos, cuxa respiración ten as seguintes características: frecuencia e profundidade das respiracións irregular, combina períodos de apnea (10–12 segundos) con respiracións que aumentan en profundidade e frecuencia para logo ir diminuíndo ata facer outra pausa de apnea. Que ritmo respiratorio atopamos neste paciente?

- A) Ritmo de Cheyne–Stokes.
- B) Ritmo de Kussmaul.
- C) Ritmo de Biot.
- D) Respiración de Ondina.

91. Felipe, de 78 anos, é obeso e hipertenso. Non ten deterioro cognitivo, vive coa súa muller e refire que "lle custa un pouco realizar as actividades da vida diaria". Na valoración, o resultado da escala de Barthel é de 95 puntos e o da proba de execución SPPB (Short Physical Performance Battery) é de 9 puntos. Segundo o "Documento de consenso sobre prevención de fragilidade e caídas na persoa maior, aprobado polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en 2014, sinala o enunciado correcto.

- A) Dado que é unha persoa maior fráxil, incluíríamolo nun programa multicomponente.
- B) Dado que non é unha persoa maior fráxil, citariámolo en seis meses para seguimento.
- C) Planificaríamos unha visita domiciliar para valorar se é necesario unha intervención dos servizos sociais.
- D) Dado que non é dependente, insistiríamos en recomendacións de estilo de vida saudables, facendo fincapé no exercicio.

92. Emilia de 88 anos é dada de alta hospitalaria. A súa filla chama ao centro de saúde para que vaia a vela ao domicilio, xa que sufriu un ICTUS, a raíz do cal se viu afectada a súa mobilidade. Tras unha caída tivo que ser intervida para un reemplazo total de cadeira. Ademais ten prurito ao orinar e dor de costas xa que pasa a maior parte do tempo na cama. A súa enfermeira acode ao domicilio e recolle todos os datos para planificar os cuidados. A que fase do PAE nos estamos referindo?

- A) Valoración.
- B) Exploración.
- C) Priorización de problemas.
- D) Diagnóstico.

93. Que indicacións en canto á técnica, non debemos dar a un paciente ao que se lle indica a medida da PA no seu domicilio (AMPA)?

- A) Debe situarse nun lugar cómodo e estar tranquilo, sen distraccións.
- B) Evitar café, tabaco e alcol durante 30 minutos antes da toma da PA.
- C) Non falar nin mover o brazo mentres se está medindo a PA.
- D) Debe de estar deitado para facer a medición da PA.

**94. Acode ao centro de saúde unha paciente intervida de cirurxía de mama hai 2 días. É portadora dunha cura Mölndal e ten despegado o apósito. Sinale o enunciado correcto en relación a esta técnica.**

- A) A técnica debe realizarse de maneira estéril.
- B) Utilizará un apósito de hidrofibra de alginato sobre a ferida cirúrxica e como apósito secundario un film transparente de poliuretano.
- C) Utilizará clorhexidina acuosa ao 2% na ferida cirúrxica.
- D) Citará á paciente aos 3 días co fin de deixar a ferida ao ar.

**95. Jaime, adulto san de 48 anos, acode á consulta de enfermaría derivado polo médico que o viu en urxencias, coa indicación de aplicarlle unha inmovilización simple cunha vendaxe despois dunha caída accidental que lle produxo unha fractura do tercio medio da clavícula dereita. Cal é a opción correcta do procedemento?**

- A) Vendar alineando os ombreiros cara adiante e colocar o cóbado en ángulo de 90 graos, co brazo dereito pegado ao peito.
- B) Inmovilizar simplemente cunha estribeira e aplicar frío nas primeiras 48 horas.
- C) Vendar alineando os ombreiros cara atrás e colocar o cóbado en ángulo de 90 graos, co brazo dereito pegado ao peito.
- D) Vendar alineando os ombreiros cara atrás e colocar o cóbado en ángulo de 45 graos, co brazo dereito pegado ao peito.

**96. A enfermeira vai a un domicilio para valorar a un paciente diagnosticado de Alzheimer. Os datos recollidos son: coñece o seu nome, está desorientado en tempo e lugar e require axuda para algunhas actividades instrumentais da vida diaria. Segundo a escala de deterioro global de Reisberg, en que etapa se atopa o paciente?**

- A) Leve.
- B) Moderada-grave.
- C) Grave.
- D) Moderada.

**97. Utiliza a escala NIHSS (National institute of health stroke scale) para a valoración dun paciente con ACV. Que é incorrecto na realización da mesma?**

- A) Realizar a avaliación na orde establecida.
- B) Entrenar previamente ao paciente.
- C) Puntuar a primeira resposta do paciente.
- D) Puntuar exclusivamente os achados obxectivos.

**98. Realiza na consulta un Índice nocello-brazo (ITB) nunha paciente con diabetes mellitus tipo 2 e insuficiencia venosa. O resultado é: ITB en MID de 0.9 e ITB en MII de 0.8. Sinale o enunciado incorrecto.**

- A) En la clasificación de Fontaine o valor do ITB correspóndese con un grao IIb.
- B) Defínese como ITB o valor máis baixo de ambos, neste caso 0.8.
- C) O resultado é suxestivo de arteriopatía periférica.
- D) Poderíase valorar aplicar unha terapia compresiva de 20mmHg.

99. Baseándonos nas recomendacións da OMS para a hixiene de mans (HM) en asistencia ambulatoria e domiciliaria, sinala o enunciado correcto.

A) Tendo en conta os requisitos mínimos para a HM, na administración dunha vacina a secuencia sería a seguinte: 1) Preparación material, 2) Luvas non estériles, 3) Antiséptico, administración da vacina, 4) Rexistro, 5) Desechar luvas, 6) HM.

B) Aínda que os dispositivos ou equipos médicos non se descontaminen tralo uso con cada paciente, a HM ben realizada compensa o incumprimento destes procedementos.

C) Tendo en conta os requisitos mínimos para a HM, nunha extracción de sangue a secuencia sería a seguinte: 1) Preparación do material, 2) Colocación de torniquete, 3) HM, 4) Luvas non estériles, 5) Localización vea, antiséptico, extracción, 6) Desechar luvas, 7) HM.

D) Tendo en conta os requisitos mínimos para a HM, en dous curas de UPP no mesmo paciente (sacro e talón), a secuencia sería a seguinte: 1) Preparación do material, 2) HM, 3) Luvas non estériles, 4) Acomodar ao paciente e retirar roupa, 5) Realizar a primeira cura, 6) Cambio de luvas, 7) Realizar a segunda cura, 8) Desechar luvas, 9) HM.

100. Queremos determinar e comparar o risco de desenvolvemento de diabetes en persoas con prediabetes e en persoas sen alteración do metabolismo da glucosa. Que deseño de estudo científico utilizaríamos?

A) Ensaio clínico.

B) Casos e controis.

C) Cuasi experimental.

D) Cohortes.

101. Traen a unha paciente de 82 anos con insuficiencia cardíaca crónica ao centro de saúde. O seu fillo refire que "ve a súa nai máis inchada que os días previos, que estivo toda a noite na cadeira de brazos e que ten unhas flegmas como rosadas". Ten unha FC: 120 lx' e SAT O<sub>2</sub>: 87%. Que patoloxía podemos sospeitar que ten?

A) Neumotorax.

B) Pneumonía.

C) Edema agudo do pulmón.

D) Pericardite.

102. A enfermeira de atención primaria recibe un informe de continuidade de coidados dunha paciente de 70 anos ingresada por un ACV. Acode ao domicilio a realizar a primeira visita e entrevista á paciente e a súa filla de 35 anos, que vive con ela.

VALORACIÓN: come sen axuda, aínda non lle apetece cociñar porque non lembra as receitas e comenta que, ás veces, non lembra que día e hora é pero acórdase de cousas que lle sucederon hai anos. A súa filla vese incapaz de ocuparse de todo: os coidados, o traballo e a casa. A paciente non pode levantarse nin camiñar soa porque atópase como mareada. A enfermeira observa que a súa postura non é estable e ten limitación de movementos na perna esquerda. Barthel: 65.

Segundo o resultado da valoración, señale el enunciado incorrecto.

A) Un resultado esperado para o diagnóstico de confusión crónica é "orientación cognitiva".

B) Un dos diagnósticos identificados é a "deterioración da mobilidade", relacionada coa deterioración neuromuscular.

C) A paciente ten leve grao de dependencia.

D) Un dos diagnósticos identificados é a "confusión crónica", manifestado polo ACV.

103. Temos citado na nosa axenda a un paciente que estivo hospitalizado e recibiu o alta o día anterior. Aparece citado no programa C72, antes de poñernos en contacto co paciente, que deberemos comprobar no informe de alta?

- A) Motivo do ingreso.
- B) Diagnósticos actuais derivados do ingreso.
- C) Tratamento que debe seguir.
- D) Todas son correctas.

104. A enfermeira acode ao domicilio dun paciente, home de 60 anos, en tratamento de diálise por insuficiencia renal e este coméntalle que nas últimas horas tivo diarrea e parestesias nas extremidades. Ao realizar a valoración atopa pulso irregular e diminución do ritmo cardíaco. Que tipo de desequilibrio electrolítico pode ter o paciente?

- A) Hipopotasemia.
- B) Hipomagnesemia.
- C) Hiperpotasemia.
- D) Hiper magnesemia.

105. Unha adolescente de 17 anos, ven á consulta solicitando unha dieta para baixar peso. Na entrevista recolleemos estos datos:

- Come de maneira rápida e impulsiva grande cantidade de alimentos, faino habitualmente a escondidas.
- Usa laxantes e vomita frecuentemente.
- Vai ao ximnasio todos os días da semana.

En que nivel de gravidade consideramos que está se pensamos que ten bulimia nervosa con tres condutas compensatorias á semana?

- A) Leve.
- B) Moderada.
- C) Grave.
- D) Extrema.

#### Preguntas de reserva

106. Acode á nosa consulta un home de 45 anos cun índice de masa corporal de 29, fumador de oito cigarros/día, non bebedor, que traballa nunha oficina á beira do seu domicilio e fai vida sedentaria. Que recomendación lle daría para previr a enfermidade cardiovascular?

- A) Recomendar 20 minutos de actividade intensa polo menos tres días á semana.
- B) Aconsellar e apoiar o abandono do tabaco, 20 minutos de actividade moderada ao día e cambios dietéticos.
- C) Ao non presentar obesidade, polo momento será suficiente co apoio para o abandono do tabaco para non angustiarse.
- D) Deberá reducir a inxesta de graxa animal polo menos un cinco por cento.

107. Carlos ten 40 anos, traballa nun centro educativo con nenos de 0 a 3 anos. Acode á consulta porque ten dúbidas en relación á vacinación da tripla vírica (sarampelo, rubéola e parotidite). Aporta un rexistro de seroloxía positiva para parotidite e negativa para sarampelo e rubéola. Segundo o Programa Galego de Vacinación, que lle recomendaría?

- A) Unha dose de vacina tripla vírica.
- B) Dúas doses de vacina tripla vírica, separadas polo menos 4 semanas.
- C) Non administrar a vacina.
- D) Repetir a seroloxía antes de decidir a pauta de vacinación.

108. Tomás de 56 anos recibe no seu domicilio o resultado da proba de detección de sangue oculto nas feces. Nela infórmase que se atoparon indicios de sangue, polo que será necesaria a realización dunha colonoscopia. Cal destas indicacións non debemos dar ao paciente?

- A) Non é necesario que vaia acompañado a realizar a proba.
- B) Daránselle instrucións precisas sobre a dieta nos días previos.
- C) Entregarase o produto farmacolóxico e as instrucións de como deberá tomalo para unha correcta preparación do intestino.
- D) A importancia de non comer e beber nada nas catro horas previas á realización da proba.

109. Acudimos ao domicilio de Manuel, que é un paciente de 84 anos que sufriu un ICTUS hai 2 anos; actualmente só pode moverse con axuda polo que fai vida cama-sofá. Normalmente o persoal de enfermería faulle unha visita programada cada mes e realizóuselle a escala de Braden hai 2 meses cunha puntuación de 12. Cando chegamos ao domicilio do paciente dínos que ten febre desde o día anterior e moitas secrecións. Debe o persoal de enfermería realizar unha nova valoración de risco de úlceras por presión?

- A) Non, as valoracións deben realizarse en períodos regulares de tempo.
- B) Si, se hai algún cambio no estado de saúde do paciente.
- C) Só debería realizarse unha nova valoración se o paciente é hospitalizado.
- D) Non, o paciente hai pouco tempo que está valorado.

110. Ginés, 38 anos, ocasionalmente xoga liguiñas de fútbol sala cos seus amigos, torceuse un nocello e hoxe ten molestias ao apoiar o pé e un lixeiro edema. Un compañeiro que tamén tivera unha escordadura de nocello, díxolle que cunha vendaxe funcional podería xogar igual, e como non quere perderse a final, pregúntalle a Carla, a súa enfermeira, se llo pode aplicar. Que enunciado é incorrecto en relación á vendaxe funcional?

- A) En presenza de edema está contraindicado a vendaxe funcional no nocello.
- B) A vendaxe deberá manter a posición funcional, en caso contrario perdería tensión e a inmovilización non sería efectiva.
- C) Se as tiras de estribo sobrepasan as de anclaxe, a tensión efectuarase directamente sobre a pel.
- D) As tiras que se empreguen como estribos, traccionando lonxitudinalmente, serven para estabilizar a zona afectada.